

**Orde do 1 de setembro de 1987** pola que se adecúa a xornada de traballo dos funcionarios docentes que imparten ensinanzas Básicas, Medias, Artísticas e de Idiomas.

**(DOG 11-09-1987)**

Ilmos. Sres.:

Por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 14 de abril de 1987 apróbase a aplicación do réxime retributivo previsto na Lei 30/84, do 2 de agosto, ós funcionarios docentes que presten os seus servizos nos centros públicos de Ensinanzas Básicas, Educación Especial, de Idiomas, Artísticas, Integradas e Medias dependentes da Consellería de Educación.

O acordo citado autoriza á Consellería de Educación a adecua-la xornada de traballo do profesorado incluído no seu ámbito de aplicación ó establecido con carácter xeral para os restantes funcionarios públicos.

Na súa virtude, esta Consellería dispuxo:

**Primeiro.-** A xornada semanal dos funcionarios docentes dos centros públicos de Ensinanzas Básicas, Educación Especial, de Idiomas, Artísticas, Integradas e Medias dependentes da Consellería de Educación será a establecida con carácter xeral para os demais funcionarios públicos, coas adecuacións a que se refiren os números seguintes desta Orde.

**Segundo.-** Desta xornada, o horario de dedicación a actividades no centro será de 30 horas semanais, das cales se dedicarán á docencia directa cos alumnos (actividades lectivas) vinte e cinco horas en Educación Preescolar e Xeral Básica e dezoito nas demais ensinanzas. Nestas últimas, e por necesidades de acomodación de horarios, poderanse chegar a impartir ata vinte horas.

**Terceiro.-** A distribución do horario lectivo de cada profesor realizarase de luns a venres. A Consellería de Educación poderá autorizar unha distribución horaria distinta da indicada en función das características dos centros e das necesidades do ensino.

**Cuarto.-** As funcións directivas ou de coordinación didáctica que se establezan terán a consideración de lectivas. A Consellería de Educación determinará o número de horas computables para o desempeño destas tarefas.

**Quinto.-** O horario de dedicación directa ó centro que non corresponda a tarefas lectivas destinarase, entre outras, ás seguintes actividades relacionadas coa docencia: titorías e orientación de alumnos, gardas, reunións de seminarios ou departamentos, sesións de avaliación, participación nos órganos de goberno, realización de actividades extraescolares, ordenación e mantemento do material didáctico dos seminarios ou laboratorio.

Estas actividades e cantas outras se establezan serán recollidas no horario de actividades de cada profesor.

**Sexto.-** O horario semanal que exceda do establecido para actividades no centro dedicarse á preparación das actividades docentes, tanto lectivas como non lectivas, ó

**Orde do 1 de setembro de 1987** pola que se adecúa a xornada de traballo dos funcionarios docentes que imparten ensinanzas Básicas, Medias, Artísticas e de Idiomas.

**(DOG 11-09-1987)**

perfeccionamento profesional e, en xeral, á atención dos deberes inherentes á función docente.

**Sétimo.-** Se un profesor non ten no seu centro horario lectivo completo da súa especialidade docente, poderá optar por completa-la súa xornada lectiva noutro centro da mesma localidade, de acordo con esa especialidade, ou no propio centro, impartindo disciplinas afíns á mesma.

**Oitavo.-** No suposto de que o profesor non se acollese a algunha das opcións previstas no punto anterior, a Consellería de Educación diminuírá proporcionalmente o horario de dedicación ó centro, coa diminución proporcional das retribucións.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 1987.

María Xesús Sainz García  
Conselleira de Educación.

Ilmos. Sres. Directores Xerais de Educación Xeral Básica e Ensinanzas Medias.

ensino